

PROXECTO

1º TRIMESTRE
AULA 6º E.I.
Curso: 2011-2012
Mestra: María Rivas
Jorge

TÍTULO DO PROXECTO	
Competencias que contribúe a desenvolver.	• <u>Competencia en comunicación lingüística</u>. Mediante asembleas, diálogos e discusións • <u>Competencia matemática</u>: seriacións, clasificacións. • <u>Competencia no coñecemento e interacción no mundo físico</u>. Estudo do corpo e as súas características. Comparación coas características doutros animais. • <u>Tratamento da información e competencia dixital</u>. Uso de varios soportes para a busca de información. Organización e uso da información. • <u>Competencia social</u>. Hábitos elementais de observación, atención, interese e esforzo. Valoración do traballo ben feito por un mesmo e polos outros. • <u>Competencia cultural e artística</u>. Expresión e comunicación de feitos emocións e fantasías a través de debuxos e outras producións. • <u>Competencia para aprender a aprender</u>: formulación de hipóteses, elaboración de respostas. • <u>Autonomía e iniciativa persoal</u>. Regulación dos comportamentos propios: esperar a quenda, escoitar aos outros, etc
Áreas que interveñen e relación entre elas. Mapa do proxecto.	Proxecto globalizado que abrangue as 3 áreas: • Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal. • Coñecemento do contorno. • Linguaxes: comunicación e representación.
Obxectivos	• Avanzar na capacidade de busca, clasificación e organización da información. • Dar resposta ás preguntas plantexadas. • Escribir e ler as palabras clave do tema traballado. • Elaborar un material final para a aula e para cada alumno sobre o corpo • Usar diferentes fontes para a busca de información.
Contidos	• O corpo (características persoais)

TÍTULO DO PROXECTO	
	○ Partes: nome das partes externas e internas. ○ Coidado do noso corpo • Lectoescritura. • Clasificacións • Secuenciacións
Organización espazo-temporal. Temporalización.	O proxecto levarase a cabo na aula os luns a 2º sesión, mércores a 2º sesión ,xoves a 2º sesión e venres 4º sesión. A temporalización será aproximadamente o primeiro trimestre
Secuencia. Itinerario do proxecto*	
Avaliación. Instrumentos. Indicadores de éxito.	• Observación directa. • Diario de aula. • Análise das producións. • Asemblea final. • Material final elaborado. CRITERIOS • É capaz de recoñecer e reproducir na escrita algunhas das palabras clave traballadas • Elaborou o material indicado para o proxecto. • Foi quen de facer preguntas e establecer posibles respostas. Ver o cadro de avaliación
Recursos e materiais. Fontes probables.	• Material funxible da aula. • Aportacións das familias • Material aportado pola mestra. • Ordenador da aula • Webs, blogues e xogos • Biblioteca de aula e do centro
Posibles proxectos relacionados. Posibilidades de ampliación.	Neste caso ao finalizar o proxecto plantexaráselles aos alumnos e alumnas a posibilidade de escoller eles mesmos a temática do seguinte proxecto

*FASE DE PREPARACIÓN

1º PUNTO DE PARTIDA:

Proposta de posibles temas na asemblea

2º CONCEPCIÓNS PREVIAS/QUE SABEMOS

Diálogo sobre o que coñecemos sobre o noso corpo. Anotar nun listado o que sabemos (hipóteses iniciais). Apoiarse en debuxos dos nenos sobre a súa concepción de como é o noso corpo, as partes que ten, para que sirven...

3º QUE QUEREMOS SABER/ ELABORAR GUIÓN

despois da discusión e plantexamento das ideas previas e hipóteses deberemos establecer en que cousas estamos dacordo e en cales non para a partir das mesmas elaborara o guión de traballo. Neste caso é un listado de preguntas que queremos resolver. Anotar ou ben con escritura libre dos nenos/as ou dictado á mestra.

Para ir vendo o desenvolvemento do traballo elaboraremos un cartel con papel continuo colgado nunha das paredes da aula, que recolla o seguinte:

SABEMOS	QUEREMOS SABER	BUSCAMOS	ORGANIZAMOS	APRENDIMOS

4º BUSCA DE INFORMACIÓN

Determinar as fontes a usar.

Quen: familia, compañeiros, expertos externos, mestres... Anotaremos as propostas na táboa. Elaborar nota para as familias e resto de colaboradores.

Lugares: biblioteca, webs...

Traballar o nome os nomes das partes do corpo, órganos etc para poder buscar información

FASE DE DESENVOLVEMENTO

1º PLAN ACCIÓN:

Na asemblea faremos unha posta en común dos materiais e información recopilados. Establecer as palabras clave relacionadas coas preguntas plantexadas. Facer listado (dictado á mestra) coas palabras clave , primeiro en gran grupo e logo por pequenos grupos buscar información.

Anotar a información atopada.

Poñer no horario da aula (cartel dos días semana) cando traballaremos no proxecto)

2º TRABALLAMOS COA INFORMACIÓN

Calsificala e colocala nun espazo para ela. Comentalas, léalas... Elaborar algún material de recollida da información (conto, dossier...)(posibilidade de elaborar fichas para dossier individual)

FASE DE VALORACIÓN

AVALIACIÓN

En asemblea repasar, recordar o aprendido apoiándonos nos murais, carteis... elaborados. Recoller de cada alumno na lista de control o rexistro dos seus aprendizaxes.

Ao longo de todo o proxecto levarase a cabo un rexistro específico das actividades realizadas así como das intervencións e asembleas. Ademais no diario de clase recollerase calquera incidencia a resaltar e revisaranse as producións do alumnado.